

Santiago de Compostela, xoves 23 de Febreiro de 2012

MyOcean: Puertos del Estado elabora en Galicia a predición de correntes máis avanzada

Prestar un mellor apoio ós servizos de salvamento marítimo e na loita contra a contaminación accidental no mar son dúas das principais bazas do sistema de predición de correntes mariñas MyOcean, un proxecto europeo que para as costas de España, Portugal, Francia e Irlanda xestiona o organismo público Puertos del Estado. Os cálculos avanzados necesarios para realizar estas predicións realízanse empregando a capacidade do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

Cada ano, as predicións meteorolóxicas -baseadas no comportamento dos ventos- son cada vez máis precisas, así como as referidas á ondaxe mariña. Pero para o tráfico marítimo resulta tamén moi útil coñecer o comportamento das correntes, "que son máis difíciles de predicir", explica Enrique Álvarez Fanjul, xefe de área de Medio Físico de Puertos del Estado, e experto en oceanografía operacional.

Obter mellor información "para socorrer os náufragos ou predicir a expansión dunha vertedura de hidrocarburos" son, segundo indica, algunhas das posibilidades que xa ofrece o proxecto europeo MyOcean, e no futuro, a predición de correntes mariñas podería aplicarse ata para optimizar as rutas dos barcos e deste xeito permitirilles ás navieiras obter un grande aforro de combustible.

Entre as informacións que se ofrecen hoxe en día figura a dirección das correntes e a temperatura e a salinidade das augas. Proceden de satélites, boias e outros sistemas de obtención directa de datos como mareógrafos ou radares. Para desenvolver unha predición de correntes mariñas adecuada a partir deses datos, a clave é conseguir uns modelos de circulación mariña con maior resolución, e isto esixe contar cunha enorme capacidade de cálculo para que sexa posible realizala en pouco tempo. E é o que se logra grazas ós sistemas de supercomputación do CESGA "e ó seu equipo humano", subliña Álvarez Fanjul.

Grazas ó proxecto MyOcean, realizarase unha predición de alta resolución para a fachada atlántica de Europa que se considerará o modelo de referencia para España, Portugal, Francia e Irlanda -unha das seis zonas nas que se dividiron as costas europeas, desde as augas irlandesas ata as das illas Canarias-.

O CESGA é a sede do sistema de predición desde o punto de vista numérico, mentres que a coordinación das predicións se realiza desde Puertos del Estado e desde o instituto francés Mercator-Ocean. Os datos son accesibles tanto para empresas privadas como para institucións públicas de investigación, e difúndense tanto en forma numérica como en forma de mapas a través de <http://myodata.puertos.es>.

Evolución

En abril poñerase en marcha MyOcean2, que consolidará o modelo de alta resolución -ata dous quilómetros- e facilitará predicións máis precisas. E para realizar as de carácter local, válidas por exemplo para as rías galegas -con ata 50 metros de resolución-, o sistema actual xa permite 'aniñar' no modelo global distintos modelos locais de maior precisión, algo do que se beneficia MeteoGalicia, o servizo de predición meteorolóxica da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

O obxectivo último de MyOcean, no que participan 61 institucións de 29 países, é que as augas europeas sexan mellor coñecidas e máis seguras, así como contar con información adecuada para estudos sobre o cambio climático, bioloxía mariña, enerxías renovables, deseño de infraestruturas portuarias, axuda á navegación nos portos ou detección de infraccións -coma os sentinazos- que provocan contaminación no mar.

Para iso recompílanse e distribúense datos de 2.400 estacións: 100 mareógrafos, 1.900 boias de deriva e 400 boias ancoradas. Para a zona coordinada por Puertos del Estado utilízanse informacións procedentes de 320 estacións.

Para maior información, contactar con:

Enrique Álvarez Fanjul

91 524 55 48

enrique@puertos.es

Sobre o CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) que depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), é

un organismo cunha traxectoria de máis de 18 anos. O seu obxecto é fomentar e difundir servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do CSIC, así como a aquelas empresas ou institucións que o soliciten.

Sobre o CSIC

A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, (CSIC) é a maior institución pública dedicada á investigación en España e a terceira de Europa. Adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, o seu obxectivo fundamental é desenvolver e promover investigacións en beneficio do progreso científico e tecnolóxico, para o que está aberto á colaboración de entidades españolas e estranxeiras.